
DATOS & INFORMES



CONSELLO DA
CULTURA GALEGA
OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Web
consellodacultura.org

Twitter:
[@consellocultura](https://twitter.com/consellocultura)

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.org

Tel:
+34 981 95 72 02

As ensinanzas do ámbito cultural en Galicia

Introdución

Este documento de traballo aborda información relativa ao ensino relacionado coas profesións culturais, seguindo a metodoloxía proposta polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte na súa estatística “Enseñanzas en el ámbito Cultural”. O informe recolle os seguintes tipos de ensinanzas:

- Ensinanzas artísticas do réxime especial: Música, Danza, Arte Dramática e Artes Plásticas e Deseño.
- Ensinanzas do réxime xeral: Bacharelato (modalidade Artes) e Formación Profesional do ámbito cultural (módulos de Artes Gráficas, Comunicación, Imaxe e Son, Artes Plásticas e Deseño e Servizos Socioculturais á Comunidade, que comprenden Biblioteconomía, Arquivística e Documentación e Animación Sociocultural).
- Ensino universitario: Biblioteconomía e Documentación, Belas Artes, Documentación, Historia e Ciencias da Música, Historia da Arte, Ciencias da Información, Comunicación Audiovisual, Xornalismo, Publicidade e Relacións Públicas.
- Formación Profesional Ocupacional do ámbito cultural: Programas de escolas taller, casas de oficios e talleres de emprego, e cursos de Formación Profesional Ocupacional, concretamente Artesanía, Industrias Gráficas, Información e Manifestacións Artísticas.

Os datos deste documento proceden da *Estadística de las Enseñanzas no universitarias*, que elabora a Oficina de Estatística do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, da *Estadística de la Enseñanza Universitaria* elaborada polo INE e da *Estadística de la Formación Ocupacional* do Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Así mesmo, recóllese información dunha explotación específica do Observatorio da Cultura Galega seguindo a metodoloxía do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. O documento ofrece información de alumnado matriculado e alumnado que remata os estudos, segunda a titularidade do centro nas especialidades nas que cursan ou cursaron estudos, datos sobre o profesorado e sobre os centros.



Centros

Segundo a Estatística de ensinanzas non universitarias no curso pasado había en Galicia 172 centros que imparten ensinanzas artísticas da música, danza, arte dramática e artes plásticas e deseño, dos cales un 65,1% son públicos e un 34,9% privados (datos provisionais). No total España tamén é a titularidade pública a que aglutina o maior número de centros, incluso cun índice maior ao galego, así dun global de 1.630 centros o 71,2% son públicos e o 28,8% privados.

Na seguinte táboa especifícase o número de centros por titularidade en tipo de ensino que imparten no curso 2012-2013.

Centros de ensinanzas artísticas por titularidade e tipo de ensino. Curso 2015-2016

	Centros de ensinanzas da Música	Centros de Ensinanzas da Danza	Escolas de Música e Danza ¹	Escolas de Arte Dramática	Escolas de Artes Plásticas e Deseño
<i>Total</i>					
España	423	71	989	17	130
Galicia	48	3	111	1	9
<i>Centros públicos</i>					
España	283	32	733	12	101
Galicia	35	2	69	1	5
<i>Centros Privados</i>					
España	29	39	256	5	29
Galicia	13	1	42	0	4

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estatística de Enseñanzas no universitarias*

Os centros de ensinanzas da música e os da danza son centros que imparten ensinanzas regradas conducentes aos títulos oficiais de grao elemental, grao profesional e grao superior. En Galicia existen un total de 48 centros de ensinanzas da música (é dicir un 11,3% dos do total de España), dos cales 35 son públicos e 13, mentres que hai tres de danza (un 4,2% do Estado), un dos cales é privado. En canto ás escolas de música e danza que non imparten ensinanzas regradas, existen en Galicia un total de 111, das cales un 62,2% son públicas, que supoñen un 11,2% das do conxunto do Estado. Por último, cómpre salientar que en Galicia só hai unha escola de arte dramática que é pública, e 9 escolas de Artes Plásticas e Deseño, das cales máis da metade son públicas.

Na seguinte táboa amósanse os distintos tipos de escolas de música, danza, arte dramática e artes plásticas e deseño que existen en Galicia na actualidade, segundo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. As máis numerosas son as escolas municipais de música (72) que imparten ensinanzas non regradas pero que son de titularidade pública. Logo veñen os conservatorios de música (36), que son centros públicos que imparten ensinanzas regradas. No tocante aos centros de enseñanza das artes plásticas e deseño, dos 10 que existen en Galicia, 6 son de titularidade privada

¹ En 'Escolas de Música e Danza' inclúense os centros que imparten ensinanzas non conducentes a títulos con validez académica ou profesional, reguladas polas administracións educativas.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Centros de ensinanzas artísticas en Galicia en 2016

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Total	59	31	24	74	188
<i>Artes Plásticas e Deseño</i>					
Centro Autorizado de Artes Plásticas e Deseño					6
Escola de Arte e Superior de Deseño	1	0	1	4	4
<i>Ensinanzas da Danza</i>					
Centro Autorizado de Danza	1	0	0	2	3
Conservatorio de Danza	1	1	0	0	2
Escola de Danza	2	0	0	0	2
Escola de Danza Privada	3	0	1	6	10
<i>Ensinanzas da Música</i>					
Centro Autorizado de Música	6	4	2	6	18
Conservatorio de Música	12	4	7	13	36
Escola de Música	21	18	9	24	72
Escola de Música Privada	10	3	3	18	34
<i>Ensinanzas da Arte Dramática</i>					
Escola Superior de Arte Dramática	0	0	0	1	1

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Se se analizan estes datos por provincias, obsérvase que Pontevedra é a provincia con máis centros de toda a comunidade galega, sobre todo polo número de escolas municipais de música, escolas privadas de música e mesmo conservatorios de música.

Profesorado

A continuación amósanse os datos do profesorado de ensinanzas de réxime especial de Artes Plásticas e Deseño, Música, Danza e Artes Escénicas. Os datos globais de profesorado para Galicia e o total de España son os seguintes:

Profesorado de ensinanzas artísticas de réxime especial en Galicia e no conxunto de España

	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014	2014-2015
<i>Artes Plásticas e Deseño</i>					
España	4.316	4.358	4.244	4.446	4.652
Galicia	185	181	174	194	207
<i>Ensinanzas regradas de Música</i>					
España	12.448	12.882	12.450	12.551	12.675
Galicia	1045	975	993	995	1008
<i>Ensinanzas regradas de Danza</i>					
España	1.060	1.123	1.065	1.099	1.111
Galicia	34	42	36	40	40
<i>Arte Dramática</i>					
España	550	581	580	588	623
Galicia	38	40	42	46	41



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de Enseñanzas no universitarias

Como se observa na táboa anterior, o número de profesores de ensinanzas artísticas aumentou no último curso 2014-2015 no conxunto de España en todas as disciplinas, mentres que en Galicia este crecemento afectou só ás Artes Plásticas e Deseño e á Música. O número de mestres de danza mantívose e baixou o de arte dramática. En xeral, as ensinanzas regradas da música encabezan o número de docentes, tanto na suma estatal como na comunidade galega, un 77,8% e un 66,5% respectivamente sobre o total. En segunda posición, sitúanse as ensinanzas das Artes Plásticas e Deseño, unha disciplina na que se crearon 206 novos postos en España no último curso 2014-2015 e 13 concretamente na comunidade galega, constituíndo o 24,4% e 16% respectivamente do total do profesorado.

Nas ensinanzas regradas de danza confirmase un aumento conxunto estatal de 12 docentes no último curso, ata acadar os 1.111 mestres. Galicia, en cambio, mantense en 40 profesores nos últimos dous cursos. No que respecta á arte dramática e tras a suba do curso 2013-2014, Galicia perde 5 profesores e queda con 41. Con todo, no total de España créanse 25 postos ata chegar aos 623 mestres.

En Galicia só existe un corpo de ensinanzas de réxime especial de profesores de música e artes escénicas que imparten as ensinanzas de música, danza e artes escénicas nos centros de ensino público de réxime especial, mentres que no conxunto de España, imparten tamén estas ensinanzas outros corpos e categorías de profesorado, mesmo do réxime xeral, como é o profesorado de ensinanza secundaria. No tocante ás ensinanzas de artes plásticas e deseño, cómpre salientar que en Galicia todo o profesorado especializado pertence ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, non habendo mestres de taller, como noutras partes de España.

Atendendo ao profesorado de música, pódense analizar os datos segundo a titularidade do centro de ensinanza (pública o privada). Como se pode constatar na seguinte táboa, os centros de ensinanza públicos aglutinan a meirande parte do profesorado de música. Un 86,5% deste profesorado en Galicia e un 81,9% no conxunto de España exercen o ensino en centros públicos. Os mestres dos centros públicos aumentaron tanto no total do estado como na comunidade galega, en cambio, no caso dos centros privados Galicia mantivo os 136 docentes cos que contaba no curso anterior e no total estatal aumenta o número en 22 profesores máis.

Evolución de profesorado de música segundo titularidade do centro de ensinanza

	2011-2012		2012-2013		2013-2014		2014-2015	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total	12.882	975	12.406	993	12.551	995	12.675	1.008
Públicos	10.795	845	10.384	862	10.278	859	10.380	872
Privados	2.087	130	2.022	131	2.273	136	2.295	136

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de Enseñanzas no universitarias

Esta mesma variable tamén é determinante no caso do profesorado de danza, como se pode observar na táboa que vai a continuación. Dos 1.111 mestres de danza que existen en España, un 76%, é dicir 844, imparten clases en centros de ensinanza públicos. A proporción aínda é superior en Galicia, comunidade na que traballan un 3,6 do total de



profesores de danza do Estado, dos 40 mestres que ensinan danza, 31 fano en centros públicos.

Evolución de profesorado de danza segundo titularidade do centro

	2011-2012		2012-2013		2013-2014		2014-2015	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total	1.123	42	1.065	36	1.099	40	1.111	40
Públicos	860	31	812	30	829	32	844	31
Privados	263	11	253	6	270	8	267	9

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de Enseñanzas no universitarias

Por último, pódese afirmar que en Galicia o 100% do profesorado de arte dramática ensina en centros públicos e o número mantense estable, aínda que segundo os datos provisionais do último curso diminuíría a cifra en 5 docentes. No conxunto do Estado tamén creceu o número de profesores nos últimos catro cursos, e con respecto ao tipo de centros obsérvase que o 23,6% do profesorado de arte dramática ensina en centros privados.

Evolución de profesorado de Arte Dramática segundo titularidade do centro

	2011-2012		2012-2013		2013-2014		2014-2015	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total	581	40	580	42	588	46	623	41
Públicos	486	40	465	42	468	46	476	41
Privados	95	0	115	0	120	0	147	0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de Enseñanzas no universitarias

Polo que respecta ao profesorado de Artes Plásticas e Deseño, segundo da seguinte táboa constátase un aumento significativo do número de docentes nas ramas de Artes Plásticas e Deseño, tanto en Galicia coma no conxunto de España, agás no curso 2012-2013 no que diminuíron os efectivos. En Galicia, o número de docentes aumentou nun 14,4% en tres cursos académicos e mentres que no conxunto de España nun 6,7%.

Evolución de profesorado de Artes Plásticas e Deseño segundo titularidade do centro

	2011-2012		2012-2013		2013-2014		2014-2015	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total	4.358	181	4.244	174	4.446	194	4.652	207
Públicos	3.931	156	3.744	155	3.834	169	3.927	167
Privados	427	25	500	19	612	25	725	40

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de Enseñanzas no universitarias

A variable sexo ten unha gran influencia no profesorado de ensinanzas artísticas, tal e como se pode verificar na seguinte táboa. Ao analizar os datos de danza por sexo, obsérvase que o 70% dos docentes en Galicia e máis do 72% en España son mulleres. Nesta mesma liña, o número de profesoras de arte dramática supera ao de profesores na comunidade galega 56,1% fronte a 46,9 %, xusto ao contrario que no total do Estado, un 52,2% de homes fronte a un 47,8% de mulleres. Constátase, tamén, que en Galicia aproximadamente un 61,7% do profesorado dos centros de ensinanzas de música son homes fronte a un 38,3% de mulleres (59,8% fronte 40,2% no conxunto de España).



Hai que salientar o aumento experimentado polo profesorado feminino de Artes Plásticas e Deseño chegando a nivelarse practicamente homes e mulleres tanto a nivel estatal como comunitario.

Evolución porcentaxe de mulleres profesoras de ensinanzas artísticas de réxime especial.

	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014	2014-2015
<i>Artes Plásticas e Deseño</i>					
España	49,7	50,3	51,0	50,1	50,1
Galicia	45,9	43,6	47,7	49,5	50,7
<i>Ensinanzas regradas de Música</i>					
España	40,7	40,8	40,5	40,5	40,2
Galicia	39,3	39,5	39,5	39,6	38,3
<i>Ensinanzas regradas de Danza</i>					
España	71,1	72,5	72,6	72,7	72,4
Galicia	79,4	69,0	75,0	70,0	70,0
<i>Arte Dramático</i>					
España	44,2	43,0	45,7	47,1	47,8
Galicia	52,6	57,5	50,0	56,5	56,1

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de Enseñanzas no universitarias

Alumnado

Neste apartado analízanse os datos do alumnado matriculado en ensinanzas relacionadas coas profesións culturais. O ámbito educativo comprendido inclúe os alumnos de réxime xeral, réxime especial, ensino universitario e Formación Profesional para o emprego.

Dentro das ensinanzas artísticas de réxime especial recóllense neste documento de traballo catro tipos:

- Alumnado matriculado en ensinanzas da Música.
- Alumnado matriculado en ensinanzas da Danza.
- Alumnos matriculados en ensinanzas de Arte Dramática.
- Alumnos matriculados en ensinanzas das Artes Plásticas e Deseño.

Ademais estúdase o alumnado matriculado na modalidade de Artes do Bacharelato e ciclos formativos de Formación Profesional relacionados coas profesións culturais.

Os datos das ensinanzas artísticas de réxime especial e as de réxime xeral proveñen da *Estadística de las Enseñanzas no universitarias*, realizada pola Subdirección General de Estadística e Estudios del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte en colaboración coas comunidades autónomas.

Os resultados relativos ao ensino universitario obtéñense da *Estadística de Estudiantes Universitarios* elaborada pola Subdirección General de Coordinación y Seguimiento Universitario del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

*Ensinanzas artísticas de réxime especial*

Na seguinte táboa resúmense os datos correspondentes ao alumnado matriculado en todas as modalidades de ensinanzas artísticas de réxime especial en Galicia nos últimos dous cursos. Cómpre ter en conta que os datos relativos ao curso 2015-2016 en Galicia son provisionais.

Segundo estes datos, o alumnado das ensinanzas culturais apenas diminuíu no último curso, aínda que se observan variacións segundo os distintos tipos de ensinanza. Así, nas ensinanzas de Arte Dramática, nos Estudos Superiores de Conservación e Restauración aumenta o alumnado de forma importante, mentres que nas ensinanzas da danza ou no C.F. Grao Medio de Artes Plásticas e Deseño descenden sensiblemente.

Evolución do alumnado nas ensinanzas artísticas en Galicia

	Curso 2015-16	Curso 2014-15	Variación absoluta	Variación porcentual
Ensinanzas artísticas. Total	24.855	24.920	-65	-0,3%
<i>Ensinanzas de Artes Plásticas e Deseño</i>	<i>1.468</i>	<i>1.551</i>	<i>-83</i>	<i>-5,4%</i>
C.F. Grao Medio de Artes Plásticas e Deseño	80	91	-11	-12,1%
C.F. Grao Superior de Artes Plásticas e Deseño	571	613	-42	-6,9%
Estudos Superiores de Deseño	731	770	-39	-5,1%
Estudos Superiores de Artes Plásticas	0	0	0	
Estudos Superiores de Conservación e Restauración	86	77	9	11,7%
<i>Ensinanzas de Música</i>	<i>21.873</i>	<i>22.015</i>	<i>-142</i>	<i>-0,6%</i>
Ensinanzas elementais de Música	4.229	4.322	-93	-2,2%
Ensinanzas Profesionais de Música	3.796	3.715	81	2,2%
Ensinanzas Superiores de Música	615	667	-52	-7,8%
Ensinanzas non regradas da Música	13.233	13.311	-78	-0,6%
<i>Ensinanzas de Danza</i>	<i>1.352</i>	<i>1.605</i>	<i>-253</i>	<i>-15,8%</i>
Ensinanzas Elementais de Danza	180	197	-17	-8,6%
Ensinanzas Profesionais de Danza	172	171	1	0,6%
Ensinanzas Superiores de Danza	0	0	0	
Ensinanzas non regradas da Danza	1.000	1.237	-237	-19,2%
<i>Ensinanzas de Arte Dramática</i>	<i>162</i>	<i>149</i>	<i>13</i>	<i>8,7%</i>

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*

No que respecta ás ensinanzas da música, cómpre ter en conta que se imparten tanto ensinanzas regradas coma non regradas, ao igual que nas demais disciplinas artísticas. Enténdese como ensinanzas non regradas aquelas non conducentes a títulos con validez académica ou profesional, impartidas en escolas reguladas polas administracións educativas.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Alumnado matriculado en ensinanzas da música por tipo de ensino


	Curso 2012-2013		Curso 2013-2014		Curso 2014-2015		Curso 2015-2016	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Total	20.259	310.416	21.542	317.375	22.015	323.553	21.873	323.693
<i>Ensinanzas regradas</i>	<i>8.158</i>	<i>95.877</i>	<i>8.328</i>	<i>97.311</i>	<i>8.704</i>	<i>98.861</i>	<i>8.640</i>	<i>98.932</i>
Grao elemental	4.092	45.608	4.226	45.489	4.322	45.366	4.229	44.808
Grao profesional	3.445	42.042	3.473	43.629	3.715	44.846	3.796	45.505
Grao superior	621	8.227	629	8.193	667	8.649	615	8.619
<i>Ensinanzas non regradas</i>	<i>12.101</i>	<i>214.539</i>	<i>13.214</i>	<i>220.064</i>	<i>13.311</i>	<i>224.692</i>	<i>13.233</i>	<i>224.761</i>

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*

Segundo os datos da táboa anterior, o alumnado matriculado en ensinanzas da música diminuíu en Galicia, tanto nas ensinanzas regradas como nas non regradas, mentres que non conxunto do Estado aumentou lixeiramente. Nas ensinanzas regradas diminuíron no alumnado de grao elemental e superior, pero aumentaron no alumnado de grao profesional. Con todo, cómpre salientar que o alumnado matriculado en ensinanzas non regradas supera nun 53,1% ao de ensinanzas regradas en Galicia.

Nas ensinanzas regradas da música o alumnado matriculado aumentou desde o curso 2009-2010, agás neste último curso 2015-2016 no que, a falta de datos definitivos, semella que diminuíu lixeiramente. Porén, no conxunto do Estado a cifra de alumnado matriculado incrementouse en toda a serie histórica, tal e como e se pode observar na seguinte gráfica.

Alumnado matriculado en ensinanzas regradas da Música



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*

Se se analizan os datos por tipo de centros, cómpre salientar que sobre o total do alumnado matriculado en ensinanzas da música, un 79% cursaron os seus estudos en centros públicos nos dous últimos cursos. En centros públicos estudou un 88% do alumnado matriculado en ensinanzas regradas e un 73% do matriculado en ensinanzas non regradas.

Alumnado matriculado en ensinanzas da Música segundo o tipo de centro en GaliciaDATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

	Curso 2014-2015			Curso 2015-2016		
	Todos os centros	Centros públicos	Centros privados	Todos os centros	Centros públicos	Centros privados
Ensinanzas de Música. Total	22.015	17.393	4.622	21.873	17.250	4.623
<i>Ensinanzas regradas</i>	<i>8.704</i>	<i>7.662</i>	<i>1.042</i>	<i>8.640</i>	<i>7.620</i>	<i>1.020</i>
Ensinanzas elementais de Música	4.322	3.767	555	4.229	3.690	539
Ensinanzas Profesionais de Música	3.715	3.228	487	3.796	3.315	481
Ensinanzas Superiores de Música	667	667	0	615	615	0
<i>Ensinanzas non regradas</i>	<i>13.311</i>	<i>9.731</i>	<i>3.580</i>	<i>13.233</i>	<i>9.630</i>	<i>3.603</i>

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*

Por outra banda, na seguinte táboa analízanse os datos do alumnado matriculado en ensinanzas da música por sexo, e obsérvase que no curso 2014-2015 un 53% do total do alumnado matriculado foron mulleres. Tanto en ensinanzas regradas coma non regradas o número de mulleres matriculadas supera ao dos homes, agás nas ensinanzas regradas superiores.

Alumnado matriculado en ensinanzas da Música por sexo en Galicia (Curso 2014-2015)

	Total	Homes	Mulleres
Ensinanzas da Música. Total	22.015	10.336	11.679
<i>Ensinanzas regradas</i>	<i>8.704</i>	<i>3.828</i>	<i>4.876</i>
Ensinanzas elementais de Música	4.322	1.771	2.551
Ensinanzas Profesionais de Música	3.715	1.665	2.050
Ensinanzas Superiores de Música	667	392	275
<i>Ensinanzas non regradas</i>	<i>13.311</i>	<i>6.508</i>	<i>6.803</i>

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*

Por último, nas táboas que veñen a continuación móstranse datos relacionados coas materias instrumentais e musicais escollidas polo alumnado matriculado en ensinanzas da música no curso 2014/2015, tanto en ensinanzas regradas coma non regradas. O instrumento máis escollido polo alumnado matriculado en ensinanzas da música, tanto nas regradas como nas non regradas é o piano, seguido da guitarra. O piano estúdase máis en ensinanzas regradas e a guitarra máis en ensinanzas non regradas. Hai instrumentos que só se estudan en ensinanzas regradas como o órgano ou a harpa, e outros que só se estudan en ensinanzas non regradas, como o baixo eléctrico ou a batería. Noutras disciplinas, destaca a de canto, que se imparte tanto en ensinanzas regradas coma non regradas.

Alumnado matriculado en distintas disciplinas de música en Galicia no curso 2014/2015

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

	Total	Ensinanzas regradas			Ensinanzas non regradas
		Grao elemental	Grao profesional	Grao Superior	
Instrumentos					
Acordeón	374	69	51	5	249
Arpa	28	18	9	1	0
Baixo eléctrico	69	0	5	0	64
Batería	219	0	0	0	219
Bombardino	106	0	0	0	106
Clarinete	1.548	327	315	46	860
Clave	45	23	22	0	0
Contrabaixo	158	79	41	1	37
Corno inglés	1	0	0	0	1
Fagot	148	54	52	12	30
Frauta de pico	19	6	11	0	2
Frauta doce	63	0	0	0	63
Frauta traveseira	1.061	247	233	27	554
Fliscornio	8	1	0	0	7
Gaita	647	71	74	0	502
Guitarra	1.943	497	269	36	1.141
Guitarra eléctrica	297	44	21	0	232
Instrumentos de corda do Renacemento e Barroco	10	0	10	0	10
Instrumentos de púa	5	3	0	0	2
Instrumentos de música tradicional e popular	148	0	0	19	129
Oboe	224	79	66	10	69
Órgano	10	0	10	0	0
Percusión	1.356	291	209	32	824
Piano	3.974	1.119	953	74	1.828
Piano Jazz e teclados	122	0	0	0	122
Requinto	4	0	0	0	4
Saxofón	1.273	284	268	28	693
Trombón	373	67	91	30	185
Trompa	363	75	89	20	179
Trompeta	757	151	177	31	398
Tuba	220	66	79	13	62
Viola	265	119	80	14	52
Viola de gamba	11	4	7	0	0
Violín	1.398	514	365	44	475
Violonchelo	629	215	153	27	234
Outras disciplinas					
Canto	526	0	111	18	397
Canto moderno	104	0	0	0	104
Composición	45	0	0	38	7
Conxunto coral e/ou instrumental	2.621	0	0	0	2.621

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Dirección de coros	1	0	0	0	1
Dirección de orquestra	7	0	0	7	0
Educación vocal	10	0	0	0	10
Electrónica	3	0	0	0	3
Etnomusicoloxía	23	0	0	17	6
Folk	22	0	0	0	22
Informática musical	19	0	0	0	19
Iniciación musical	897	0	0	0	897
Jazz	84	0	0	69	15
Música de cámara	314	0	0	0	314
Música e movemento	1.564	0	0	0	1.564
Musicoloxía	26	0	0	9	17
Pegaxoxía da linguaxe e educación musical	145	0	0	39	106

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*

As ensinanzas regradas da danza compórtanse de xeito similar ás da Música, xa que no último curso descendeu o alumnado en Galicia, mentres que no conxunto de España aumentou. No curso 2015-2016, un 74% do alumnado de danza matriculouse en ensinanzas non regradas. Cómpre ten en conta que en Galicia non se imparten ensinanzas regradas de grao superior. Débese salientar que nesta disciplina a porcentaxe de mulleres supera o 90% en todos os cursos da serie temporal.

Alumnado matriculado en ensinanzas da Danza

	Curso 2012-2013		Curso 2013-2014		Curso 2014-2015		Curso 2015-2016	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Total	1.507	33.368	1.473	32.653	1.605	33.416	1.352	34.370
<i>Ensinanzas regradas</i>	<i>343</i>	<i>9.066</i>	<i>372</i>	<i>9.315</i>	<i>388</i>	<i>9.716</i>	<i>352</i>	<i>9.332</i>
Grao elemental	172	4.567	196	4.727	197	4.934	180	4.918
Grao profesional	171	3.760	176	3.886	171	4.112	172	3.664
Grao superior	0	739	0	702	0	670	0	750
<i>Ensinanzas non regradas</i>	<i>1.164</i>	<i>24.302</i>	<i>1.111</i>	<i>23.338</i>	<i>1.237</i>	<i>23.700</i>	<i>1.000</i>	<i>25.038</i>

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*

Con respecto ao tipo de centros nos que están matriculado o alumnado de danza, un 65% asisten a centros privados, aínda que nestes centros impártense maioritariamente ensinanzas non regradas.

Alumnado matriculado en ensinanzas da Danza segundo o tipo de centro en Galicia

	Curso 2014-2015			Curso 2015-2016		
	Todos os centros	Centros públicos	Centros privados	Todos os centros	Centros públicos	Centros privados
Total	1.605	672	933	1.352	474	878
<i>Ensinanzas regradas</i>	<i>388</i>	<i>363</i>	<i>5</i>	<i>352</i>	<i>348</i>	<i>4</i>
Grao elemental	197	194	3	180	176	4
Grao profesional	171	169	2	172	172	0
Grao superior	0	0	0	0	0	0
<i>Ensinanzas non regradas</i>	<i>1.237</i>	<i>309</i>	<i>928</i>	<i>1.000</i>	<i>126</i>	<i>874</i>

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*



Por outra banda, o perfil do alumnado de danza en Galicia complétase con datos referidos ás especialidades escollidas polo alumnado. Dado que en Galicia non se imparten ensinanzas de grao superior, todas as especialidades son do Grao profesional. No seguinte cadro recóllense estes datos sobre o alumnado matriculado en danza clásica e danza contemporánea en Galicia e no conxuntos de España nos últimos catro cursos.

Alumnado matriculado en ensinanzas da Danza segundo a especialidade

	Curso 2011-2012		Curso 2012-2013		Curso 2013-2014		Curso 2014-2015	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
<i>Ensinanzas profesionais</i>								
Danza contemporánea	50	590	64	647	59	687	60	715
Danza Española	0	1.173	0	1.167	0	1.200	0	1.216
Danza Clásica	103	1.506	107	1.553	107	1.563	114	1.718
Baile Flamenco	0	342	0	417	0	442	0	482

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*

No que respecta ao alumnado matriculado en ensinanzas de Arte Dramática, despois de dous anos de perdas, conséntase unha recuperación de matrículas na comunidade galega no último curso, mentres que no total de España o aumento é constante nos últimos catro cursos estudados. Máis da metade dos que optan por este tipo de ensinanza son mulleres, aínda que en Galicia a porcentaxe destas baixou 6 puntos porcentuais respecto ao curso anterior. Do total do alumnado matriculado en Arte Dramática en Galicia, un 71% do alumnado optou pola especialidade de interpretación, seguido da de Dirección de escea e dramaturxia (21,5%) e finalmente, a de escenografía (7,4%). No conxunto do Estado, o alumnado que estuda a especialidade de Interpretación acada un 79%. Do total do alumnado de artes escénicas, en Galicia un 53% son mulleres e no conxunto do Estado un 60%.

Alumnado matriculado en ensinanzas de Arte Dramática por especialidades

	Curso 2012-2013		Curso 2013-2014		Curso 2014-2015		Curso 2015-2016	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Total	166	2.087	159	2.275	149	2.352	162	2.421
Dirección de escea e dramaturxia	32	329	37	358	32	354	-	-
Escenografía	26	153	20	154	11	149	-	-
Interpretación	105	1.605	102	1.766	106	1.849	-	-

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*

Ensinanzas de Artes Plásticas e Deseño

As ensinanzas de Artes Plásticas e Deseño abranguen os ciclos formativos de Grao Medio e Superior de Artes Plásticas e Deseño e os Estudos Superiores de Artes Plásticas e Deseño, nos que están incluídas as titulacións de Artes Plásticas, Deseño e Conservación e Restauración de Bens Culturais.

Alumnado matriculado en Ensinanzas de Artes Plásticas e Deseño en Galicia

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16
Total EE. de Artes Plásticas e Deseño	1.363	1.400	1.610	1.551	1.468
<i>C.F. de Artes Plásticas e Deseño</i>	734	729	745	704	651
Grao medio	118	92	82	91	80
Grao superior	616	637	663	613	571
<i>E.S. de Artes Plásticas e Deseño</i>	629	671	865	847	817
Conservación e Restauración	59	49	100	77	86
Deseño	570	622	765	770	731
Artes Plásticas	0	0	0	0	0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*


Como se pode ver na táboa anterior, despois de anos de crecemento, este tipo de ensinanzas están a sufrir un retroceso no que respecta a alumnos matriculados.

a) Ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño

Estas ensinanzas enmárcanse dentro das ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño. Constitúen unha vía formativa no ámbito do deseño e das artes plásticas, co valor engadido da formación práctica especializada para dar resposta ao sector produtivo e tamén para a preservación e renovación das manifestacións artísticas como medio de expresión e produción cultural e como linguaxe creativa universal imprescindible para o enriquecemento e preservación do patrimonio artístico e cultural. Organízanse en ciclos de formación específica que inclúen fases de formación práctica en empresas, estudos e obradoiros. Academicamente os ciclos estrutúranse en Ciclos formativos de grao medio e Ciclos formativos de grao superior.

Con respecto aos ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño de grao medio, o número de matriculas en Galicia, amosa unha evidente tendencia á baixa nos últimos cinco cursos levados a estudo. No grao superior sucede o contrario ata o curso 2013-2014, ano no que se acadou o maior número de matrículas. Pero a partir dese curso o alumnado comeza de novo a diminuír con respecto ao curso anterior curso.

Alumnado en ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño segundo o grao en Galicia




Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*



Aínda que o avance do curso 2015-2016 achegado polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte non ofrece polo momento datos desagregados por sexo, cómpre salientar a diferenza significativa entre a participación do alumnado feminino e masculino nos ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño dependendo do grao de estudo. Por isto, considérase interesante analizar este dato collendo como referente o curso anterior, 2014-2015. A tendencia tanto en Galicia como no resto do Estado é de maior número de homes no grao medio ca as mulleres e viceversa.

Alumnado matriculado en ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño segundo nivel Galicia. Curso 2014-2015



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*

b) Estudios Superiores de Artes Plásticas e Deseño

A comunidade galega oferta un amplo abano de especialidades de estudos superiores de Artes Plásticas e Deseño, aínda que son dúas as que lideran as preferencias do alumnado: o Deseño e a Conservación e restauración de bens culturais. Centros como o Pablo Picasso da Coruña, Ramón Falcón de Lugo ou Antonio Faílde de Ourense nos que se imparte Deseño de interiores e Deseño gráfico dan conta da atracción do alumnado por estas especialidades. O Deseño de moda, téxtil e de produto correspóndelle ao Mestre Mateo de Santiago de Compostela, sen esquecer un dos centros galegos de referencia neste tipo de estudos: a Escola Superior de Conservación e Restauración de Pontevedra que oferta cursos de Pintura, Escultura e Arqueoloxía. Todos eles evidencian a diversidade nesta oferta educativa.

Alumnado matriculado en estudos superiores de Artes Plásticas e Deseño no curso 2014-15

	España	Galicia
Conservación e restauración de bens culturais	733	77
Deseño	10.304	770
Artes plásticas	113	0
TOTAL	11.150	847

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*



Na seguinte táboa, ofrécense datos sobre o alumnado matriculado en estudos superiores de Artes Plásticas e Deseño por especialidades e sexo. En primeiro lugar, cómpre salientar que un 72% do alumnado matriculadas neste tipo de estudos en todas as especialidades son mulleres. En estudos superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais acaparan o 76,6% das prazas e en Estudos Superiores de Deseño ocupan o 71,2% das prazas.

Alumnado matriculado en estudos superiores de Artes Plásticas e Deseño por especialidades e sexo no curso 2014-2015

	Total	Homes	Mulleres
Total	847	237	610
<i>Estudios Superiores de Conservación e restauración de bens culturais</i>			
Total	77	18	59
Arqueoloxía	14	3	11
Pintura	12	1	11
Escultura	14	4	10
Non distribuído	37	10	27
<i>Estudios Superiores de Deseño</i>			
Total	770	219	551
Deseño gráfico	315	130	185
Deseño de produtos	86	32	54
Deseño de interiores	259	48	211
Deseño de moda	110	9	101


Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*

A continuación expone a través de dúas gráficas a evolución temporal do alumnado matriculado en estudos superiores de Deseño; e de Conservación e Restauración de Bens Culturais en Galicia, en comparativa co total de España. En ambos os dous casos a situación no pasado curso é optimista para este tipo de ensinanzas que engrosaron un significativo aumento de inscricións tanto na comunidade galega como no conxunto do Estado.

A seguinte gráfica constata esta tendencia un pequeno descenso do alumnado de Estudos Superiores de Deseño no curso 2015-2016 (datos provisionais), logo de tres anos consecutivos de aumento. No conxunto de España experimentouse un aumento considerable de alumnado continuo nos últimos cinco cursos académicos.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA


Evolución do alumnado matriculado en estudos superiores de Deseño



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*

Por outra banda, nos estudos superiores de Conservación e Restauración en Galicia, logo de acadar a cifra de matrículas máis alta no curso 2013-2014, no seguinte curso descende nun 11%, pero no curso 2015-2016 volveu recuperarse e o alumnado matriculado aumentou nun 11,7% con respecto ao curso anterior. Pola contra, no conxunto de España, logo de acadar tamén a cifra máxima de matrículas no curso 2013-2014, nos dous cursos seguintes as matrículas foron diminuindo.

Evolución do alumnado matriculado en estudos superiores de Conservación e Restauración



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias Enseñanzas do réxime xeral*

Hai que destacar tamén que dentro do réxime xeral atópanse ciclos formativos de formación profesional de grao medio e superior de Artes gráficas, Comunicación, imaxe e son e Servizos socioculturais á comunidade. Na seguinte táboa sinalase a cifra de alumnado matriculado nas distintas ramas e ciclos formativos do réxime xeral no curso 2014-2015


Alumnado matriculado nos ciclos formativos de formación profesional en Galicia, segundo a especialidade (Curso 2014-2015)

Especialidades	Nº de alumnos/-as
CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO	
<i>Artes gráficas</i>	354
Impresión en artes gráficas	161
Preimpresión dixital	193
<i>Comunicación, imaxe e son</i>	227
Laboratorio de imaxe	175
Video disc-jockey e son	52
CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR	
<i>Artes gráficas</i>	72
Deseño e produción editorial	42
Produción en industrias de artes gráficas	30
<i>Comunicación, imaxe e son</i>	852
Son para audiovisuais e espectáculos	145
Produción de audiovisuais e espectáculos	289
Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos	187
Animación 3D, xogos e contornos interactivos	111
Iluminación, captación e tratamento da imaxe	120
<i>Servizos socioculturais á comunidade</i>	
<i>Animación sociocultural</i>	203

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*

Por último, atendendo á modalidade de Artes do Bacharelato, o número de matrículas neste tipo de Bacharelato supón un escaso 4,4% do total, do que un 66% son mulleres. A comunidade autónoma con maior porcentaxe de matriculados na modalidade de Artes no Bacharelato é A Rioxa, cun 10,8% e a que ten unha maior porcentaxe de mulleres matriculadas nesta modalidade é Cataluña cun 70%.

Alumnado matriculado na modalidade de Artes no Bacharelato por comunidades autónomas no curso 2014-2015

	Total	Mulleres (%)	% respecto ao total do alumnado de Bacharelato
Total España	34.490	64,1	5,4
Andalucía	5.890	60,3	4,5
Aragón	972	66,6	5,8
Asturias	654	67,9	5,5
Baleares	869	64,8	7,4
Canarias	1.959	60,7	6,6
Cantabria	379	63,9	5,3
Castela e León	1.560	61,0	4,7
Castela-A Mancha	1.453	64,1	4,7
Cataluña	6.117	70,2	6,9
Comunidade Valenciana	3.475	64,8	5,6
Estremadura	645	59,2	3,9

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Galicia	1.461	66,0	4,4
Madrid	5.548	62,4	5,7
Murcia	1.177	58,8	5,0
Navarra	646	69,8	7,4
País Vasco	1.145	66,1	3,9
A Rioxa	429	63,6	10,8
Ceuta	49	53,1	3,8
Melilla	62	48,4	4,0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de Enseñanzas no universitarias*

Ensino universitario

No que respecta ao ámbito universitario, o alumnado matriculado en Artes e Humanidades² nas universidades galegas foi aumentando todos os cursos nas titulacións de grao universitario e foi diminuíndo considerablemente nas titulacións de primeiro e segundo ciclo por mor do Plan Bolonia. O número de matriculados en titulacións de Mestrado foi aumentando progresivamente ata o curso 2014-2015, pero no curso 2015-2016 diminuíu nun 10,4%.

Alumnado matriculado en Artes e Humanidades nas universidades galegas

	2010-2011	2012-2013	2013-2014	2013-2014	2014-2015	2015-2016
Grao	2.972	3.634	4.066	4.049	4.169	4.348
1º e 2º ciclo	1.877	1.095	460	493	200	25
Mestrado	428	494	561	576	559	501
Doutoramento	-	-	-	-	373	673
Total	5.277	5.223	5.087	5.118	5.301	5.547

Fonte: Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones

No curso 2014-2015 aumentou en 8 o número de alumnos e alumnas universitarios que remataron os seus estudos na modalidade de Artes e Humanidades. Aumentaron sobre todo os que obtiveron algunha titulación de Grao, nun 15,8%.

Egresados en Artes e Humanidades nas universidades galegas

	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014	2014-2015
Grao	86	84	343	532	616
1º e 2º ciclo	516	563	534	200	113
Mestrado	293	251	251	301	312
Total	895	898	1.128	1.033	1.041

Fonte: Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones

A continuación amósanse o número de alumnos e alumnas titulados nas áreas de Artes e Humanidades en Galicia segundo a universidade na que remataron os seus estudos. A Universidade de Santiago de Compostela con 372 títulos expedidos lidera os campus galegos. Séguena Vigo con 273 títulos, cunha posición moi destacada dos graduados/-as en Belas Artes (102 títulos), seguido dos graduados/-as en Tradución e Interpretación

² Na Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones esta rama da ensinanza non se atopa desagregada.



(87 títulos). Por último, está a Universidade da Coruña cun total de 84 titulados/-as na rama de Artes e Humanidades.

Alumnado titulado no curso 2014-2015 nas áreas de Artes e Humanidades na Universidade da Coruña

Total	84
Graduado/-a en Español: Estudios Lingüísticos y Literarios	14
Graduado/-a en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	6
Graduado/-a en Humanidades	6
Graduado/-a en Información e Documentación	3
Graduado/-a en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	33
Licenciado en Filoloxía Galega	1
Licenciado/ en Filoloxía Hispánica	13
Licenciado en Filoloxía Inglesa	8
Licenciado en Humanidades	-

Fonte: Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones. Curso 2013/2014

Alumnado titulado no curso 2014-2015 nas áreas de Artes e Humanidades na Universidade de Santiago de Compostela

Total	372
Graduado/-a en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	5
Graduado ou Graduada en Filoloxía Clásica	8
Graduado ou Graduada en Filosofía	23
Graduado ou Graduada en Historia del Arte	49
Graduado ou Graduada en Historia	67
Graduado ou Graduada en Lingua e Literatura Españolas	47
Graduado ou Graduada en Lingua e Literatura Galegas	15
Graduado ou Graduada en Lingua e Literatura Inglesas	62
Graduado ou Graduada en Lingua e Literatura Modernas	28
Licenciado en Filoloxía Alemá	3
Licenciado en Filoloxía Clásica	3
Licenciado en Filoloxía Francesa	3
Licenciado en Filoloxía Galega	2
Licenciado en Filoloxía Hispánica	4
Licenciado en Filoloxía Inglesa	10
Licenciado en Filoloxía Italiana	1
Licenciado en Filoloxía Portuguesa	3
Licenciado en Filoloxía Románica	3
Licenciado en Filosofía	4
Licenciado en Xeografía	-
Licenciado en Historia	11
Licenciado en Historia da Arte	13
Licenciado en Humanidades	8

Fonte: Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**Alumnado titulado no curso 2014-2015 nas áreas de Artes e Humanidades na Universidade de Vigo**

Total	273
Graduado ou Graduada en Belas Artes	102
Graduado ou Graduada en Ciencias da Linguaxe	13
Graduado ou Graduada en Xeografía e Historia	16
Graduado ou Graduada en Linguas Estranxeiras	32
Graduado ou Graduada en Tradución e Interpretación	87
Licenciado en Belas Artes	1
Licenciado en Filoloxía Galega	1
Licenciado en Filoloxía Hispánica	-
Licenciado en Filoloxía Inglesa	7
Licenciado en Historia	8
Licenciado en Tradución e Interpretación	6

Fonte: Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones

Na seguinte táboa preséntanse os datos de oferta, demanda e matrícula dos tres campus galegos. Destaca o volume da oferta da Universidade da Coruña que dobra a demanda real do alumnado.

Oferta³, demanda⁴ e matrícula⁵ en Artes e Humanidades por universidade no curso 2015-2016

	Oferta	Demanda	Matrícula
A Coruña	315	152	145
Santiago de Compostela	680	621	581
Vigo	395	481	372

Fonte: Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones

En canto á mobilidade das ensinanzas artísticas, é dicir, as estadias do alumnado no estranxeiro, destaca o programa ERASMUS. Vai destinado a todos os participantes na universidade formal e non universitarios de ensino superior (incluíndo prácticas de estudantes en empresas transnacionais), así como dos establecementos e organizacións que ofrecen ou promoven esa educación e formación. Ofrece axudas para promover a mobilidade de estudantes, profesores e outros funcionarios do ensino superior e promove actividades para mellorar os currículos e o intercambio de experiencias innovadoras nos sistemas de ensino superior da Unión Europea. As axudas destínanse fundamentalmente a cubrir parte dos gastos consecuencia da diferenza de custo de vida entre o país de orixe e destino.

Para efectos do ERASMUS, as ensinanzas artísticas en Galicia son:

- Ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño.
- Ensinanzas da Música.
- Ensinanzas superiores de Deseño.

³ "Oferta": Nas titulacións sen límite de prazas computouse a oferta no primeiro ano que figura na memoria de verificación do título.

⁴ "Demanda": Pre inscritos en primeira opción.

⁵ "Matrícula": Matrícula total dos que acceden por pre inscrición.



- Ensinanzas superiores de Arte Dramática.
- Ensinanzas de Conservación e Restauración de Bens Culturais.
- Ensinanzas da Danza.

Tan só un 1,9% dos 1.863 alumnos ERASMUS de Galicia proceden das institucións artísticas, no último curso de estudo, 2013-2014, como se amosa na seguinte táboa.

Alumnado total e procedentes de institucións artísticas de Galicia participantes no programa ERASMUS

	2011-2012	2012-2013	2013-2014
Total	1.863	2.046	1.863
Institucións artísticas	34	25	36
Porcentaxe de estadias artísticas sobre o total de España	1,8%	1,2%	1,9%

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deportes. *Estadística de programas educativos europeos*

Conclusiones

Este documento de estudo susténtase en tres piares fundamentais do ensino cultural en Galicia: centros educativos, profesorado e alumnado.

Na actualidade en Galicia existen 188 centros que imparten ensinanzas artísticas da música, danza, arte dramática e artes plásticas e deseño. Dous terzos destes centros son públicos.

A evolución temporal da cifra de profesorado das ensinanzas regradas da Música e das ensinanzas de Artes Plásticas e Deseño experimenta o maior número de efectivos no curso 2013-2014, mentres que nas escolas de Arte Dramática diminuíu a cifra de profesorado e nas ensinanzas regradas da Danza mantívose igual.

O alumnado de ensinanzas culturais apenas diminuíu no último curso, aínda que se observan variacións segundo os distintos tipos de ensinanza. Así, nas ensinanzas de Arte Dramática, nos Estudos Superiores de Conservación e Restauración aumenta o alumnado de forma importante, mentres que nas ensinanzas da danza ou no C.F. Grao Medio de Artes Plásticas e Deseño descenden sensiblemente.

En canto ao sexo do alumnado obsérvase unha presenza maioritaria de mulleres, que acada no caso da danza o 90% do total.

O número de matriculados na modalidade de Artes do Bacharelato tamén aumentou de xeito sostido ao longo dos últimos cinco cursos, aínda que supón un escaso 4,4% do total matriculado, do que un 66% son mulleres.

No que respecta aos estudos universitarios nas áreas de Artes e Humanidades en Galicia, o campus compostelán lidera a entrega de títulos coa expedición de 372 no curso 2014-2015. Por outra banda, os participantes no programa ERASMUS en Galicia procedentes das institucións artísticas constitúen tan só o 1,9% dos 1.863 alumnos ERASMUS totais de Galicia no último curso de estudo, o 2013-2014.